



INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS Ordes, 24 de outubro de 2018

Estimadas familias: Procedemos a enviarlles información acerca de normas xerais de funcionamento e organización do noso centro escolar.

Entradas

- O horario de entrada do alumnado non transportado é ás 09:30. Prégase puntualidade para non retrasar ou interromper o inicio das clases.
- O alumnado de Primaria non usuario de transporte da Consellería entrará só. O alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil será recollido polas titoras nas respectivas portas. As familias permanecerán no exterior.
- Por norma xeral, as familias non poderán acceder ás aulas acompañando na entrada ao seu fillo/a ou en horario de clases, agás en caso de situación inaprazable. As familias teñen horario específico de atención.
- Cando se produzan retrasos de máis de dez minutos, as familias asinarán o xustificante en conserxería e farán entrega do mesmo e do/da alumno ao conserxe quen o/a acompañará á aula oportuna.

Saídas

- O horario de saída é ás 14:30. Prégase puntualidade na recollida no centro ou no autobús.
- Se a familia recolle a un alumno/a antes da hora de saída deberá asinar o documento de saída na conserxería e entregarallo ao conserxe para que este localice ó/a neno/a no espazo /aula oportuno.

Autorizacións e actualización de datos

- As familias que permitan que o seu/súa fillo/a se desprace só/a desde o centro escolar ou desde o autobús ata o domicilio e viceversa, deberá asinar a autorización pertinente e facer entrega da mesma ó/á titor/a.
- Tamén deberán actualizar as persoas autorizadas para facerse cargo do/a neno/a, de ser necesario, e comunicar datos alusivos ás custodias.
- Lembren comunicar sempre os cambios de domicilio ou de teléfono.

Horario de atención ó público de dirección, xefatura de estudos e secretaría en días lectivos:

EQUIPO DIRECTIVO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30-10:25	Dirección Xefatura de Estudos	Dirección Xefatura de Estudos	Dirección Xefatura de Estudos	Dirección Xefatura de Estudos	Dirección Xefatura de Estudos Secretaría
10:25-11:20	Dirección Xefatura de Estudos	Dirección Xefatura de Estudos	Dirección	Dirección	
11:20-12:10	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Secretaría	Dirección
12:40-13:35					
13:35-14:30	Dirección		Secretaría		

Autorización de imaxe.

De acordo á normativa de protección de datos, todas as familias deberán actualizar a autorización do uso de imaxe polo centro escolar. As familias poderán revogar en calquera momento a súa autorización.

Número de teléfono do CEIP Campomaioir

Para contactar co colexio deberán marcar o 881880886.



Calendario escolar de acordo ao establecido pola Consellería. Non lectivos para o 2018-2019.

Mes	Día	
Setembro	12	Comezo das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial e educación primaria.
Outubro	12	Día non lectivo. Día da Festa Nacional de España.
Novembro	1	Día non lectivo. Día de Todos os Santos.
	2	Día non lectivo aprobado polo Consello Escolar.
Decembro	6	Día non lectivo. Día da Constitución.
	7	Día non lectivo. Día do Ensino.
	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	24,25,26,27,28,31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 2, 3, 4, 7	
Marzo	4, 5, 6	Vacacións de Entroido.
	19	Día do Pai.
Abril	15, 16, 17, 18, 19, 22	Vacacións de Semana Santa.
Maio	1	Día non lectivo. Día da Festa do Traballo.
	17	Día non lectivo. Día das Letras Galegas.
	20	Día non lectivo aprobado polo Consello Escolar.
Xuño	21	Remate das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial, educación primaria.

Se precisan aclaración de dúbidas, póñanse en contacto co centro.

O equipo directivo